

Moción do grupo municipal Por Chantada – Interior Galego Vivo para impulsar a mellora da comunicación, a seguranza e a potenciación dos valores patrimoniais do Bairro da Ponte.



Antom Fente Parada, Cruz Fernández Rodríguez, Helena Fernández Montes e Ibán Ratón Varela integrantes de pleno dereito da Corporación do Concello de Chantada e voceiros do grupo municipal **POR CHANTADA – INTERIOR GALEGO VIVO**, presentan ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do *Regulamento Orgánico Municipal* e 97.2 do *Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais* a seguinte MOCIÓN para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á **Moción do grupo municipal Por Chantada – Interior Galego Vivo para impulsar a mellora da comunicación, a seguranza e a potenciación dos valores patrimoniais do Bairro da Ponte.**

A tal efecto, presentamos para a súa discusión, co alvo de suscitar a UNANIMIDADE da CORPORACIÓN que permita a súa aprobación, a seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Por Chantada e Interior Galego Vivo téñense manifestado unha e outra vez a prol da construción dunha ponte de duplo sentido que conecte O Convento coa outra beira do río Asma, permitindo así que San Salvador de Asma e as parroquias ribeirás gañen en conectividade ao tempo que se solventan as graves ameazas á seguranza dos peóns que se dan no Bairro da Ponte, en pleno Camiño de Inverno. Desta arte, apostamos por peonalizar o bairro converténdose nunha prolongación do Casco Histórico da vila potenciando o seu valor patrimonial e, por ende, turístico ao tempo que se actúa para a mellora na ribeira do Asma entre os dous núcleos.

No entanto, é pouco ou nada o que ten feito até o de agora o Goberno municipal a pesar das nosas continuadas iniciativas neste sentido. Iniciativas que non se deron isoladamente, xa que tamén houbo demandas da viciñanza no seu momento, que se opuxo a nefasta proposta de arbitrar sentido único con semáforos que impulsaron no seu día o actual rexedor local e Manuel Martínez como representante da Deputación de Lugo. Non obstante, convén poñer de manifesto que **a construción dunha ponte no barrio da Ponte parece ser unha iniciativa transversal aos partidos que compoñemos a corporación e, de feito, o Partido Popular tamén a levaba no seu programa electoral, cando menos, nas últimas dúas eleccións municipais.**

Por outro lado, desde o eido institucional, a Valedora do Pobo ten emitido contundentes informes sobre a perigosidade á que se expoñen os peóns no Bairro da Ponte, o que inclúe tamén os peregrinos que fan o Camiño de Inverno. Neste sentido, un sinistro traería consigo comprometer o despegue e a potencialidade turística da zona por falta de previsión e planificación, que se presupoñen son responsabilidade inherentes dos decisores políticos.

A Valedora do Pobo relatábao así:

O día 19 de xaneiro de 2017 tivo lugar unha reunión na sé do Valedor do Pobo coa asistencia da Valedora do Pobo, o Alcalde do Concello de Chantada xunto co técnico municipal, e o entón Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial da Deputación de Lugo, Argelio Fernández Queipo, acompañado por técnicos provinciais co obxecto de tratar de dar solución a unha anterior queixa presentada ante O Valedor do Pobo referida á perigosidade para os peóns no tramo da estrada provincial LU-P-1801 que discorre polo barrio de A Ponte do núcleo urbano de Chantada.

En dita reunión acordouse acometer as actuacións necesarias para implementar beirarrúas en dito tramo para dar continuidade aos itinerarios peonís e establecendo un sentido único alternativo regulado por semáforos para o tráfico rodado.

Con data de febreiro de 2017 redactouse por este Servizo de Vías e Obras un proxecto construtivo denominado "Reordenación do tráfico na estrada provincial LU-P-1801 'De Chantada, por Nogueira, a Peares' p.k. 0+21 O al 0+270" para recoller as actuacións acordadas na citada reunión.

Dito proxecto foi trasladado ao Concello de Chantada, sendo aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello con data 7 de febreiro de 2017.

Con data 5 /05/2017 a Xunta de Goberno desta Deputación aprobou o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE CHANTADA PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES EN: REORDENACIÓN DO TRÁFICO NA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-1801 "DE CHANTADA, POR NOGUEIRA A OS PEARES, P.K. 0+210 - 0+270", que foi asinado polo Presidente desta Deputación e o Alcalde do Concello de Chantada en 11 de maio de 2017.

Porén, ficou en auga de castañas ao ser denunciado publicamente o proxecto desde Por Chantada como un despropósito e impulsando a viciñanza de San Salvador de Asma, San Pedro de Líncora, Camporramiro, A Sariña, Santiago de Riba e Nogueira oposición mediante escrito de múltiples asociacións para deter a actuación.

A maior abastanza, no expediente M.8.Q/1525/18 a Valedora do Pobo sinalou algo que o noso grupo entende esencial neste momento se queremos recuperar a iniciativa e ver algún día a ponte construída sobre o río Asma. A Valedora do Pobo recolle por súa vez o informe do Servizo de Vías de Obras da Deputación de Lugo:

En tales datas tivo lugar unha reunión nesta Deputación entre o entón Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, Manuel Martínez Núñez, o Alcalde do Concello e representantes de empresarios de Chantada e viciños do Barrio da Ponte, solicitando a paralización das actuacións proxectadas por considerar

que xerarían diversos inconvenientes aos seus intereses. En tida reunión acordouse estudar a viabilidade da execución dunha ponte como solución alternativa á que tiña sido adoptada, acordando emprazar a nova ponte á altura da actual entrada ao Mercado Gandeiro. Tras esta reunión, o mencionado Deputado Delegado deu orde verbal a este Servizo de paralizar a tramitación do anterior proxecto redactado de Reordenación do Tráfico.

Nunha reunión mantida posteriormente entre o entón Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, Manuel Martínez Núñez, e o Alcalde de Chantada facilitouse a este un documento técnico con carácter de estudo previo de dita ponte, sobre o que manifestou a súa conformidade e o compromiso para recadar a conformidade a dita solución por parte dos veciños do Bairro da Ponte e das asociacións empresariais afectadas, así como de facer chegar á Deputación a súa renuncia formal ao mencionado convenio suscrito, sen que, a data de hoxe, se teña recibido neste Servizo comunicación algunha sobre a efectiva realización de tales trámites.

En outubro de 2023 seguimos sen tir feito un trámite tan básico como renunciar formalmente ao convenio dos semáforos e, novamente, é Por Chantada quen debe lembrar actuacións básicas e propor solucións para o Bairro da Ponte.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal **POR CHANTADA – INTERIOR GALEGO VIVO** propón ao Pleno da Corporación do Concello de Chantada o seguinte **ACORDO**:

1.- No prazo máximo dun ano, o Concello elaborará un proxecto para construír: (a) unha estrada que decorra desde o transformador (con referencia catastral 002201000PH01E0001YI) á beira do río Asma; e (b) unha ponte que conecte este último punto coa outra beira do río. De ser inviable, o proxecto recollerá unha alternativa tecnicamente axeitada que permita mellorar a conectividade de San Salvador de Asma e as parroquias ribeirás ao tempo que solventar os graves problemas de seguranza que actualmente sofre o Bairro da Ponte.

2.- No prazo máximo dun ano desde a redacción dese proxecto, o alcalde presentará para a súa aprobación en Pleno unha modificación puntual do plan xeral de ordenación urbana que oficialice o trazado proxectado.

3.- Paralelamente aos trámites previstos nos apartados 1 e 2, a Corporación de Chantada desistirá do convenio dos semáforos acordado no seu día entre alcaldía e Deputación de Lugo e negociará un novo cuxa cerna sexan as obras previstas no proxecto que se elaborará.

4.- O Concello impulsará accións decididas perante outras administracións para a construción dunha ponte de duplo sentido no Bairro da Ponte.

5.- O Concello impulsará un PLANO DE ESPECIAL PROTECCIÓN que englobe o Casco antigo, a Fábrica do Merluza e o Bairro da Ponte pulando pola peonalización, o soterramento dos cabos e o impulso dos valores patrimoniais e paisaxísticos.

Nas 36 parroquias de Chantada na data da sitatura dixital.

Grupo municipal POR CHANTADA – INTERIOR GALEGO VIVO